

UGT RECLAMA UNHA REFORMA DAS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO E MÁIS RECURSOS AOS SERVIZOS PÚBLICOS DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL

Aínda que os datos do paro non son malos, a creación de emprego e a mellora das condicións laborais non están a chegar á totalidade da poboación traballadora

Redacción.- Os datos do paro rexistrado e de afiliación á Seguridade Social correspondentes a xullo, aínda que reportan unha lixeira subida o desemprego en Galicia, pódese afirmar que a tendencia positiva de creación do mesmo mantense, mesmo nun mes marcado historicamente pola caída de afiliación no sector da educación tras o fin do curso escolar. Neste sentido, a afiliación á Seguridade Social medrou en 10.835 persoas, alcanzando 1.113.486, mentres que o desemprego subiu lixeiramente, en 604 persoas, a cifra máis baixa para un mes de xullo desde o ano 1996.

Así, estas cifras, xunto aos positivos resultados de crecemento económico coñecidos a semana pasada, consolidan o nivel de fortaleza que atesoura a nosa economía e mercado de traballo a pesar do adverso e cambiante contexto internacional, máis se cabe tras a subida arancelaria imposta á UE pola administración Trump.

Pola súa banda, a reforma laboral segue mostrándose efectiva no que á mellora da calidade do emprego refírese: a taxa de contratación indefinida sitúase no 27,78%, (6,92 en xullo de 2021, antes da reforma).

Con todo, a creación de emprego e a mellora das condicións do mesmo non están a chegar á totalidade da poboación traballadora, en tanto unha porcentaxe significativa das mesmas viven en situación de extrema vulnerabilidade. Neste sentido, cabe destacar o elevado e persistente problema de paro de longa duración, 33.900 persoas nesta situación en Galicia, segundo os últimos datos da EPA. Un problema económico e social de primeira orde que esixe respostas inmediatas e eficaces, o que pasar por abordar unha reforma das políticas activas de em-

prego e dotar con maiores recursos económicos e humanos aos servizos públicos de orientación profesional.

En materia de lexislación de despedimentos, desde UGT reclamamos que a Recomendación do Consello de Europa incorpore medidas máis eficaces para garantir o cumprimento da Carta Social Europea no que respecta a este ámbito. Non hai que esquecer que, o pasado mes de novembro, o Comité de Ministros do Consello de Europa, en resposta a unha reclamación do noso sindicato, aprobou unha Recomendación na que se instaba ao Goberno español a garantir que o custo das indemnizacións de quen sofre despedimentos inxustificables teña un carácter disuasorio para o empregador.

UGT seguirá traballando activamente para mellorar a protección das persoas traballadoras, polo que se debe deixar atrás unha regulación do despedimento que viola a Carta Social Europea e permite aos empregadores extinguir os contratos laborais sen causa efectiva e cun custo irrisorio.

Protexer o emprego fronte ao desafío arancelario

Por último, cabe destacar o acordo alcanzando entre EEUU e a UE que, á espera de coñecer con maior concreción, impoñerá uns aranceis do 15% ás exportacións europeas, ademais de elevar os aran-



ceis do aceiro e o aluminio ata o 50%. Así, diferentes tipos de industria (produtos semifabricados, bens de equipo, alimentación e bebidas, manufacturas de consumo etc.) e o sector do automóbil poden sufrir un impacto negativo na actividade e o emprego que convén valorar e enfrontar.

Por iso, UGT reclama unha actuación coordinada e eficaz en dous ámbitos. Por unha banda, demandamos que, desde a UE, articúlense medidas que protexan aos traballadores e traballadoras prexudicados polo posible descenso de actividade ou peche de fábricas, avanzando cara a unha estratexia de autonomía que profunde no mercado interior europeo e diversifique as relacións comerciais. Por outro, no ámbito nacional, consideramos que o diálogo social deberá cobrar un papel relevante para que as empresas e persoas traballadoras trasladen de forma directa e coordinada os retos e perspectivas que esta política comercial ocasiona nos diferentes sectores, despregando unha folla de ruta solidaria que responda con eficacia á magnitude deste desafío.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos esta semana, en Galicia o desemprego subiu levemente en 604 persoas con respecto ao mes anterior (0,56%), tendencia contraria ao resto do Estado, onde baixou, un 0,06%. No ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 10.187 persoas, un 8,63%. No Estado a baixada foi do 5,71%. Así, o número total de desempregados sitúase en 107.858 persoas, mínimo histórico en Galicia dende 1996 nun mes de xullo e a segunda menor cifra tras o dato de hai un mes.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixou no mes nun 3,52%, e no ano a diminución foi dun 10,79%.

Por sexos, no mes o desemprego baixa entre os homes, un 0,74%, pola contra, no caso das mulleres sube nun 1,47%. No ano baixou o desemprego en ambos casos, o 9,68% entre os homes e o 7,90% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 59,91% do total do desemprego

en Galicia. O paro afecta a un total de 64.182 mulleres, fronte a 43.676 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes baixa na agricultura e gandería (1,99%), na construción (1,36%) e no colectivo de sen emprego anterior (1,47%). Pola contra, sube na industria (0,48%) e no sector servizos (1,12%). No ano baixa en todos. Así, diminúe un 12,97% no primario; o 10,60% na industria; o 13,18% na construción; o 7,67% no sector servizos; e o 9,23% entre o colectivo de sen emprego anterior.

Territorialmente, o desemprego sube en todas as provincias. O 0,69% na Coruña, 0,11% en Lugo, 0,97% en Ourense e un 0,42% en Pontevedra. No ano a baixada foi do 8,65% na Coruña, 8,25% en Lugo, 7,52% en Ourense e o 9,04% en Pontevedra.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 27,78%. Realizáronse en xullo un total de 86.251 contratos en Galicia. No mes de xullo de 2021, a porcentaxe de contrata-

ción indefinida non superaba o 6,92%.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 62,14%, e no sector primario, do 53,85%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 26,45%, e na industria, do 20,52%.

En canto á taxa de cobertura por desemprego, esta sitúase no 64,24% (76,79% no Estado), con 62.426 persoas beneficiarias. Deste total, 27.024 perciben subsidios e 1.251 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 34.151. Aída así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.113.486 de media mensual, crescendo o 0,98% no mes e aumentando un 1,84% no ano.

ACORDO EN PESCANOVA PARA DESBLOQUEAR O CONVENIO

Redacción.- UGT-FICA ven de alacanzar un acordo, xunto con CCOO, coa Dirección de Pescanova que supón o desbloqueo das negociacións do convenio colectivo do grupo alimentario. Así, despois do período estival, seguirase negociando cos contidos pendentes co fin de non perder ningún dereito e mellorar substancialmente as condicións socio económicas de todas as persoas traballadoras de Pescanova.

Concretamente, o acordo de desbloqueo pasa por incrementos salariais para o 2025 de 475 euros liñais, 2,5% para o 2026, 2% para o 2027 e outro 2% para o 2028.

Para os salarios de entre 50.000 e 70.000 euros, establécese un incremento diferente, canto máis alto o salario, será inferior o incremento porcentual.

Tamén se acorda unha cláusula de revisión salarial que, no caso de que a sumatoria dos IPC de vixencia no convenio queden por enriba do 6,5%, a diferenza aboarase en concepto de atrasos e consolidaranse.



Mantéñense a antigüidade e o complemento por IT.

A xornada anual máxima sitúase en 1.728,25 horas distribuídas en 223 días.

Os períodos de vacacións serán negociados en cada centro e terán que coñecerse con dous meses de antelación. Por outra banda, os descansos actuais de 24 e 31 de decembro manteranse como agora.

UGT CONVOCA FOLGA NO HANDLING DE RYANAIR A PARTIR DO 15 DE AGOSTO

As mobilizacións en Azul Handling son o resultado da continua precarización e os constantes incumprimentos en materia de dereitos laborais cos que a empresa do grupo Ryanair castiga ao seu persoal

Redacción.- O Sector Aéreo de FeSMC-UGT solicitou mediación ante o Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje (SIMA), como paso previo á convocatoria dunha folga estatal na empresa Azul Handling que presta servizos de asistencia en terra ás aeroliñas do grupo Ryanair en numerosos aeroportos españois.

A folga, que se iniciará o próximo 15 de agosto de 2025, afectará a todas as bases e centros de traballo da empresa en España e desenvolverase nas seguintes franxas horarias: 05:00 a 09:00 horas. 12:00 a 15:00 horas. 21:00 a 23:59 horas.

Tras os tres primeiros días (15, 16 e 17 de agosto) continuará todos os mércores, venres, sábados e domingos ata o 31 de decembro de 2025.

Os motivos da convocatoria son os seguintes:

Falta de creación de emprego estable e

de consolidación de xornada para o persoal fixo a tempo parcial.

Imposición e coacción na realización de horas complementarias, tanto ordinarias como voluntarias, aplicando nalgúns casos sancións desproporcionadas.

Incumprimento reiterado de ditames da Comisión Paritaria do Convenio Sectorial sobre garantías e pluses.

Restricións ilegais á reincorporación tras a alta médica e á adaptación de xornada para exercer o dereito á conciliación familiar.

UGT lamenta ter que chegar a estes extremos e todos os prexuízos que poidan producirse, dos cales a responsable directa será única e exclusivamente a empresa e a súa temeraria actuación co persoal.

UGT denuncia que Azul Handling man-



tén “unha estratexia de precarización e presión sobre o persoal que vulnera dereitos laborais básicos e desatende sistematicamente as demandas sindicais”, en palabras de José Manuel Pérez Grande, secretario federal do Sindicato Aéreo de FeSMC-UGT.

O Sector Aéreo de FeSMC-UGT esixe á empresa que retire as sancións, cumpra os ditames da Comisión Paritaria e abra de inmediato un proceso de negociación real, que permita mellorar as condicións laborais das máis de 3.000 persoas traballadoras afectadas en todo o territorio nacional.

ALARMANTE: 363 ACCIDENTES DE TRABALLO MORTAIS (32 EN GALICIA) NOS SEIS PRIMEIROS MESES DO ANO

Urxe actualizar a Lei de Prevención de Riscos Laborais, así como que as empresas cumpran coa normativa vixente para evitar máis perdas de vidas de traballadores e traballadoras

Redacción.- É escandaloso que morran 363 persoas traballadoras en seis meses polo simple feito de tentar gañarse a vida, son tres máis que as rexistradas no primeiro semestre de 2024.

Ademais, ata o mes de xuño do presente ano rexistráronse 298.410 accidentes de traballo que requiriron de baixa laboral, o que supón un descenso do 2,7%. Queda de manifesto a grave da situación a pesar do descenso experimentado. Son cifras inaceptables para unha sociedade como a nosa.

Desde UGT consideramos necesario e urxente actualizar a Lei de Prevención ás novas realidades do mundo do traballo, fortemente influído polas transicións demográfica, climática e dixital. Igualmente, debe reforzarse a protección da saúde mental da clase traballadora, xa que en seis meses producíronse 126 accidentes de traballo mortais por infartos e derrames cerebrais, o que podería estar relacionado coa exposición a riscos psicosociais e organizativos. Reiterámonos na nosa demanda para que os traballos na Mesa de Diálogo Social axilícen se buscando garantir a protección da seguridade e saúde das per-

soas traballadoras.

Pero, ademais de modificar a normativa, é esencial que as empresas cumpran coa lexislación vixente en materia preventiva. As causas dos accidentes de traballo son recoñecidas: caídas en altura, golpes, sobreesforzos... polo que se debe realizar a avaliación de riscos laborais e implementarse as medidas preventivas adecuadas para frear as graves consecuencias sobre a saúde e a vida das persoas traballadoras. Igualmente, a formación en procedementos de traballo seguros é indispensable, así como que as empresas doten ás persoas traballadoras dos EPIS necesarios.

Por outra banda, nestes momentos nos que estamos a vivir unha intensa onda de calor na Península, desde UGT lembramos a importancia da prevención de riscos laborais nos traballos ao aire libre durante os períodos de altas temperaturas. Ata o mes de xuño rexistráronse 52 accidentes leves por calor e insolación e 53 por efectos das temperaturas extremas, luz e radiación. Manifestamos ao Goberno a nosa preocupación sobre a infradeclaración deste tipo de accidentes á que

debe poñerse solución para garantir unha correcta xestión dos mesmos, asegurando a debida protección das persoas traballadoras.

As empresas deben realizar a avaliación dos riscos laborais relacionados coa exposición a fenómenos meteorolóxicos adversos, incluíndo as temperaturas extremas, na que deberán terse en conta as características da tarefa e as características persoais e o estado biolóxico coñecido da persoa traballadora. Ademais, deben adoptar as medidas preventivas que se deriven dos resultados da avaliación de riscos.

Para os casos de avisos meteorolóxicos de nivel laranxa ou vermello e cando as medidas preventivas non garantan a protección das persoas traballadoras, faise obrigatorio adaptar as condicións de traballo, incluíndo a redución ou modificación das horas de desenvolvemento da xornada. Para aqueles casos nos que non se poida garantir a debida protección da persoa traballadora, prohibese o desenvolvemento de determinadas tarefas durante as horas do día nas que se dean fenómenos meteorolóxicos adversos. Nestes casos non procede a redución do salario.

PREACORDO HISTÓRICO NA HOSTALARÍA DE PONTEVEDRA

Estabilidade, melloras salariais, recoñecemento profesional e novos dereitos sociais

Redacción.- UGT e CCOO veñen de acadar un preacordo histórico no sector da hostalaría da provincia de Pontevedra, que estará vixente durante os anos 2024 e 2025 no que se recollen melloras salariais significativas, avances sociais clave, un novo marco de estabilidade para o persoal fixo discontinuo e unha reestruturación de categorías que supón un recoñecemento profesional real para colectivos especialmente precarizados, como as camareiras de pisos.

Mellora salarial e garantía de poder adquisitivo

O preacordo contempla unha suba salarial do 7%, repartida entre os dous anos, así como unha cláusula de revisión segundo o IPC real, que garante que os salarios se adapten á evolución do custo da vida.

Novos dereitos sociais recoñecidos

Inclúense medidas clave para a conciliación e o uso máis flexible dos permisos:

- Permiso retribuído para acompañamento médico de fillos/as menores de 16 anos
- Fraccionamento do permiso por hospitalización, adaptado ás necesidades da persoa traballadora e

mentres persista a causa

Recoñecemento profesional das camareiras de piso

A partir do 1 de xaneiro de 2027, as camareiras de piso con 36 meses de antigüidade na empresa pasarán automaticamente ao grupo salarial 8 nos hotéis de 3, 4 e 5 estrelas, o que entendemos que é un primer paso para conseguir o recoñecemento nun tempo corto e a especialización e responsabilidade no traballo diario de todas as persoas que exercen esta importante labor na hostalería.

Esta medida acompáñase dunha reestruturación das categorías que vai supoñer a desaparición do grupo 10 e que as categorías de axudante e auxiliar, que actualmente están no grupo salarial 9, aos 2 anos e acreditando a cualificación requirida, ascendan automaticamente á categoría superior. Esta modificación, xunto co cambio de grupo das camareiras de piso e o incremento pactado, tradúcese nun aumento salarial real e sostido, especialmente para os postos tradicionalmente infravalorados.

Estabilidade para o persoal fixo discontinuo

O preacordo incorpora unha regulación mínima obrigatoria para os

contratos fixos discontinuos, co obxectivo de reducir a incerteza e combater os abusos nesta modalidade:

- Para os establecementos abertos todo o ano, establécese un chamamento mínimo de 8 meses e medio anuais, ademais dun dereito económico mínimo de 20 horas semanais.
- Para os establecementos de apertura parcial acordouse unha a escala seguinte:
 - Se abren ata 3 meses, a duración mínima do contrato será do 50%
 - Se abren 4 meses, a duración mínima será do 60%
 - Se abren 5 meses ou máis, a duración mínima será do 70%

Este sistema garante unha maior previsibilidade e estabilidade para un número crecente de traballadoras e traballadores nesta situación, reducindo a estacionalidade extrema e asegurando ingresos mínimos acordes coa actividade real.

Desde CCOO e UGT valoramos este preacordo como un exemplo de negociación colectiva útil e transformadora, que responde ás demandas históricas do sector e avanza cara a unha hostalaría máis digna, profesionalizada e sostible.

ASINADO O ACORDO ECONÓMICO DO CONVENIO DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA DA CORUÑA PARA 2025

Redacción.- O pasado 31 de xullo asinouse o acordo económico do Convenio Colectivo do Transporte de Mercadorías por Estrada da provincia da Coruña, tras un proceso de negociación iniciado o 8 de maio, coa constitución da mesa negociadora. O convenio terá vixencia durante todo o ano 2025, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro.

Desde FeSMC UGT Galicia valoramos positivamente este acordo, que permite ás persoas traballadoras do sector recuperar parte do poder adquisitivo perdido nos últimos anos e garante unha base de estabilidade laboral mentres se continúa avan-

zando na negociación do próximo convenio.

Principais melloras económicas

O convenio inclúe as seguintes melloras retributivas:

Incremento salarial do 4% en todos os conceptos desde a data de firma do acordo.



Pago de atrasos con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2025, exclusi-

vamente sobre o salario base.

Mellora nas pagas extraordinarias a partir do 1 de xaneiro de 2026, que pasarán a equivaler a un mes completo de salario base máis antigüidade, corrixindo a situación anterior na que non se abonaban cinco días.

Estas melloras permitirán ás persoas traballadoras do transporte encarar unha progresiva recuperación do seu poder adquisitivo, tendo en conta que nos últimos anos acumulouse unha perda superior ao 13% con respecto ao IPC.

Ámbito de aplicación

O convenio será de aplicación a toda a provincia da Coruña e afecta a todas as empresas e o seu persoal laboral enmarcado nas seguintes actividades recollidas no Acordo Xeral Estatal para o Transporte de Mercadorías por Estrada:

Axencias de transporte

Transporte de mercadorías

Transporte de mobles e mudanzas

Persoal de servizos auxiliares

Empresas de mensaxería e paquetería

Este novo texto substitúe ao anterior convenio colectivo, cuxa vixencia expirou o 31 de decembro de 2024.

Compromiso cos dereitos LGTBI e a igualdade

Desde FeSMC UGT Galicia seguimos defendendo que os convenios colectivos deben ir máis aló do aspecto económico. Por iso, nesta negociación puxemos sobre a mesa a inclusión dun Plan LGTBI, en cumprimento da Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.

O noso sindicato considera imprescindible incorporar medidas efectivas para previr calquera tipo de discriminación e crear contornas laborais seguras, inclusivas e respectuosas coa diversidade. Este compromiso forma parte da nosa acción sindical diaria e é unha liña de traballo que seguiremos defendendo na mesa de

negociación.

Unha negociación aberta que continúa

A firma deste acordo económico non pecha o proceso. Desde FeSMC UGT Galicia acordamos manter aberta a mesa negociadora co obxectivo de abordar cuestións pendentes de especial relevancia, como a xornada laboral, a conciliación familiar, os permisos retribuídos, a formación e as licenzas.

De feito, a parte social e a empresarial emprazáronse a retomar as conversacións no mes de setembro, para seguir avanzando no novo convenio colectivo de 2026 antes de que finalice a vixencia do actual.

Desde FeSMC UGT Galicia seguiremos traballando con firmeza para que os dereitos das persoas traballadoras do transporte estean sempre protexidos, actualizados e adaptados ás novas realidades do sector. A nosa prioridade é construír convenios que recoñezan o valor do traballo, garantan condicións dignas e avancen en igualdade.

UGT VALORA POSITIVAMENTE A CONSULTA PÚBLICA SOBRE AS COTIZACIÓNS DE DEPORTISTAS PROFESIONAIS

O proxecto normativo busca recoñecer como cotizados a actividade de deportistas profesionais, con anterioridade á súa integración no Réxime Xeral da Seguridade Social

Redacción.- Cristina Estévez, secretaria executiva de UGT, valorou positivamente a consulta pública dunha proposta lexislativa que pretende cambiar o mundo do deporte para sempre. O proxecto busca permitir que os anos de carreira profesional das persoas deportistas sexan finalmente recoñecidos como cotizados. Unha medida que afectará tamén a quen se retirou e á súa prestación por xubilación.

Esta consulta pública é froito dun traballo sindical que comezaba o 24 de marzo de 2024, cando un grupo de deportistas de alto nivel contactaba con UGT para poñer de manifesto a inxustiza social que sufrían. Moitos deles non puideron cotizar á Seguridade Social cando exercían a súa profesión, ao non haber epígrafe para iso. Mesmo na actualidade, outros experimentaron certas lagoas no sistema, porque a cotización segue sendo voluntaria neste ámbito profesional.

Ao longo dos últimos meses, o sindicato mantivo reunións co Ministerio de Seguridade Social e co Consello Xeral de Deportes para salvagardar os dereitos laborais daqueles deportistas que non puideron cotizar no seu momento por falta de rigor le-

xislativo, vendo vulnerado o seu dereito a unha xubilación digna.

UGT, xunto a deportistas como Fernando Romy ou Almodena Cid, e en colaboración con organizacións como a Fundación Branca Fernández Ochoa ou a Asociación do Deporte Español, traballaron na procura dun marco normativo xusto e equitativo, que non deixe a ningún deportista atrás por razóns económicas ou administrativas.

O recoñecemento da actividade profesional das persoas deportistas como cotizado á Seguridade Social non só é unha medida xusta e necesaria. A súa garantía é un acto de responsabilidade colectiva, tanto para as xeracións maiores que precisan de completar os anos de cotización necesarios, como para aquelas persoas deportistas que queiran garantirse un futuro digno.



Por iso, desde UGT reiteramos a defensa dun Estatuto da Persoa Deportista que siga este camiño garantindo a protección social das persoas deportistas e blindando a obrigatoriedade de cotizar á Seguridade Social.

Porque as persoas deportistas merecen o mesmo sistema de protección que o resto da sociedade. Nin o desemprego nin a velez poden converterse nunha ameaza para este ámbito profesional.

UGT DENUNCIA ANTE EUROPA A FALTA DE PROTECCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE PROSTITUCIÓN EN ESPAÑA

O sindicato esixe que a lexislación española sobre prostitución e trata sea declarada disconforme coa Carta Social Europea Revisada

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, a vicesecretaria xeral de UGT, Lola Navarro, e a responsable Confederal da área de Muller, Medea Gracia, anunciaron en rolda de prensa unha reclamación colectiva contra España ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS), ao non garantirse a protección de mulleres e nenas vítimas de prostitución ou do risco de trata con fins de explotación sexual.

A través desta reclamación colectiva, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) considera que a lexislación española vulnera, entre outros, os artigos 1.2 (dereito a un traballo libremente elixido); 3 e 11 (protección da seguridade e saúde física e mental das persoas) e 26 (dignidade humana na prestación de servizos) da Carta Social Europea Revisada (CSER).

En consecuencia, o sindicato esixe que a lexislación española e as súas políticas públicas sobre prostitución e trata con fins de explotación sexual declárense desconformes co sistema de dereitos e garantías da Carta Social Europea Revisada.

Durante a súa intervención na rolda de prensa, Pepe Álvarez explicou que “despois dun debate profundo e un importante traballo xurídico, decidimos presentar esta demanda que reflicte o compromiso abolicionista do sindicato, así como a defensa dos dereitos humanos, da igualdade e dunha sociedade libre de violencia e de explotación, en concreto cara as mulleres”.

“Para nós, esta non é unha cuestión de oportunidade, é abrir unha xanela para avanzar e terminar cunha situación de explotación” porque “a prostitución non é un traballo, é explotación e é violencia sexual, non hai liberdade cando non tes alternativas”, remarcou.

“Presentamos a reclamación porque España debe avanzar no marco regulatorio da abolición da explotación e violencia sexual contra as mulleres, debe protexer ás mulleres e ás nenas vítimas de prostitución e de trata, debe desenvolver políticas sociais para que as mulleres vítimas te-

ñan dereitos”, engadiu.

Abrir un debate profundo en Europa

Pola súa banda, a vicesecretaria xeral de UGT, Lola Navarro, manifestou que a demanda interposta por UGT “quere forzar o debate entre o modelo que debe impoñerse en Europa, que verdadeiramente protexa ás persoas, e especificamente a mulleres e nenas, e que reflexione para que “os nosos sistemas xurídicos e sociais se aliñen cun dereito básico que se trate desde a perspectiva dos Dereitos Humanos”.

“Non podemos normalizar que o corpo das mulleres sexa un negocio lucrativo”, afirmou. Neste sentido, criticou unha lexislación española “alegal, insuficiente e contraditoria” que carece dunha Lei integral contra a prostitución ou contra a trata con fins de explotación sexual.

“España e Europa teñen a obriga- ción de garantir os Dereitos Humanos e Sociais de todas as mulleres e todas as nenas”, finalizou.

Campaña “A prostitución non é un traballo”

Ademais, a responsable confederal da área de Muller, Medea Gracia, presentou a campaña “A prostitución non é un traballo”, cuxo obxectivo é “visibilizar unha realidade incómoda” e incidir en que “a prostitución non é unha elección libre, nin un emprego, senón unha forma extrema de violencia machista e non pode ser recoñecida como unha actividade laboral”.

“O 90% das persoas que están a exercer a prostitución, na súa maioría mulleres, son vítimas de trata ou explotación sexual”, destacou, evidenciando que “a prostitución non é un traballo, é un negocio para proxe-

netas e redes criminais”.

UGT esixe que se introduza a abolición da demanda de prostitución

Ante o estado de grave deficiencia de protección para as mulleres e nenas vítimas de prostitución e do risco de trata con fins de explotación sexual, UGT pide ao CEDS que admita a reclamación colectiva e adopte todas as medidas necesarias para promover que o Estado Español corrixa esta violación de dereitos sociais básicos.

É necesario que España introduza a abolición da demanda da prostitución e o desenvolvemento de políticas sociais efectivas para as mulleres vítimas, co fin de lograr a súa reinserción laboral e social.

Por último, e debido á enorme transcendencia desta problemática, UGT pide unha audiencia pública para toda Europa. Desta forma, aqueles Estados europeos que asumiron o modelo abolicionista poderán mostrar os seus positivos resultados no referente á protección de mulleres vítimas.

Porque a prostitución non é traballo sexual. É un sistema de violencia contra mulleres e nenas e unha violación flagrante da dignidade humana.

